

A poesía é o testamento máis verídico dun pobo

Raquel Freire [Ferrol](#) 23 de xullo de 2014

https://www.lavozdeg Galicia.es/noticia/ferrol/2014/07/23/poesia-e-testamento-mais-veridico-dun-pobo/0003_201407F23C29918.htm

A poetisa eumesa Eva Veiga (1961, Pontedeume) presenta hoxe as 20.30 horas no Ateneo ferrolán, o seu novo poemario acompañada dun recital poético-musical ofrecido polo Grupo Ouriol.

-O seu libro «A distancia do tambor» foi publicado pola editorial Espiral Mayor como parte do premio de poesía Fiz Vergara Vilariño que gañou o ano pasado, ¿é difícil hoxe en día encontrar editoriais dispostas a publicar poesía?

-Non é sinxelo, xa que non lles é doado. Coa poesía xa se sabe que non se gañan cartos. Publicar poesía é un acto de amor, esixe traballo e xenera poucos beneficios.

-¿Como definiría a súa obra e en que se inspirou para escribila?

-A obra naceu da toma de conciencia da situación das mulleres en debilidade. Na rodaxe do largometraje A cicatriz branca, o cal protagonicei, tiven tempo para pensar e poñerme na pel desas mulleres. Existen milleiros de mulleres e nenos que deben percorrer mundo sen saber onde ir, expostos a crueldade dos homes.

A obra é unha proxección ética sobre o social e o ser da linguaxe, neste caso a poesía.

-Durante moitos anos traballou na televisión, ¿bota de menos a súa faceta de xornalista?

-Claro que se bota de menos, sobre todo esa relación urxente coa realidade. Por outra banda, a poesía tamén é unha forma de comunicación, aínda que con outros tempos. Non obstante, recoñezo que o tempo que traballei na televisión fun moi feliz.

-¿Que futuro lle augura a poesía galega, cree que se seguirá apostando por este xénero?

-É imposible que desapareza, é unha necesidade vital para a xente. A poesía é o testamento máis verídico dun pobo, transmite os sentimentos e o seu sentir xeral.